

## ESTATUTOS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE

### ÍNDICE

<a href="#">Exposición de motivos</a> .....	3
<a href="#">Título Primeiro: Natureza e fins</a> .....	4
<a href="#">Artigo 1. Creación e adscrición</a> .....	4
<a href="#">Artigo 2. Regulamentación</a> .....	4
<a href="#">Artigo 3 Obxecto</a> .....	4
<a href="#">Artigo 4 Ámbito territorial e duración</a> .....	5
<a href="#">Artigo 5 Domicilio social</a> .....	5
<a href="#">Título Segundo: Organización</a> .....	5
<a href="#">Capítulo I. Órganos de goberno e dirección</a> .....	5
<a href="#">Artigo 6 Órganos de Goberno e dirección</a> .....	5
<a href="#">Capítulo II. Do Consello Rector</a> .....	6
<a href="#">Artigo 7. Órgano de goberno</a> .....	6
<a href="#">Artigo 8 Membros</a> .....	6
<a href="#">Sección 1ª Atribucións</a> .....	6
<a href="#">Artigo 9 Atribucións</a> .....	6
<a href="#">Sección 2ª Funcionamento</a> .....	7
<a href="#">Artigo 10. Réxime de sesións do Consello Rector</a> .....	7
<a href="#">Artigo 11 Adopción de acordos do Consello Rector</a> .....	8
<a href="#">Capítulo III. Do presidente do Consello Municipal de Deportes</a> .....	8
<a href="#">Artigo 12 Nomeamento e mandato do presidente do Consello Municipal de Deportes</a> .....	8
<a href="#">Artigo 13 Atribucións do presidente</a> .....	8
<a href="#">Artigo 14 Delegación de funcións</a> .....	9
<a href="#">Capítulo IV. Da Xerencia</a> .....	9
<a href="#">Artigo 15 Órgano de Xerencia</a> .....	9
<a href="#">Artigo 16 O/a xerente</a> .....	9
<a href="#">Artigo 17 Funcións</a> .....	9
<a href="#">Artigo 18 Suplencia</a> .....	9
<a href="#">Capítulo V Da Xefatura de Administración</a> .....	10
<a href="#">Artigo 19 Do administrador</a> .....	10
<a href="#">Artigo 20 Funcións</a> .....	10

<a href="#">Capítulo VI. Da Secretaria e Intervención</a>	11
<a href="#">Sección 1ª: Do/a secretario/a</a>	11
<a href="#">Artigo 21 Funcións do/a secretario/a</a>	11
<a href="#">Sección 2ª: Do interventor/a</a>	11
<a href="#">Artigo 22 Funcións do interventor/a</a>	11
<a href="#">Capítulo VII. Do persoal</a>	12
<a href="#">Artigo 23 Persoal</a>	12
<a href="#">Título terceiro. Do réxime económico e patrimonial</a>	12
<a href="#">Capítulo I. Do réxime económico</a>	12
<a href="#">Artigo 24 Recursos económicos</a>	12
<a href="#">Capítulo II Do patrimonio</a>	13
<a href="#">Artigo 25 Patrimonio e inventario</a>	13
<a href="#">Artigo 26 Afección do patrimonio</a>	13
<a href="#">Título cuarto. Réxime xurídico</a>	13
<a href="#">Artigo 27. Relacións co Concello</a>	13
<a href="#">Artigo 28 Potestades</a>	14
<a href="#">Artigo 29. Impugnación e recursos</a>	14
<a href="#">Artigo 30 Responsabilidade</a>	14
<a href="#">Título quinto. Facultades de tutela do Concello</a>	14
<a href="#">Artigo 31. Tutela do Concello de Ourense</a>	14
<a href="#">Título sexto: Modificación dos Estatutos e disolución do Consello</a>	
<a href="#">Municipal de Deportes</a>	15
<a href="#">Artigo 32. Modificación dos Estatutos</a>	15
<a href="#">Artigo 33 Disolución do CMD</a>	15
<a href="#">Artigo 34. Efectos da extinción</a>	15
<a href="#">Título sétimo. Da sección do Rexistro Municipal de Entidades e</a>	
<a href="#">Asociacións Deportivas</a>	15
<a href="#">Artigo 35 Do Rexistro de Entidades e Asociacións Deportivas do</a>	
<a href="#">Concello de Ourense</a>	15
<a href="#">Disposición derogatoria</a>	16
<a href="#">Disposición final</a>	16

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS [□](#)

O deporte como dereito-saúde e ben cultural, no seu sentido amplo, recoñecido constitucionalmente no artigo 43 da nosa Carta Magna, non é só un instrumento de protección da saúde pública, de benestar social ou calidade de vida, senón un elemento de convivencia, que no século XXI é unha expresión de non discriminación por razóns de idade, sexo ou condición.

O Concello de Ourense, ten unhas infraestructuras deportivas, con instalacións, asociacións e entidades deportivas, que aglutinan o deporte local nos seus máis diversos aspectos (deportes para todos, asociacionismo deportivo, etc.), que é necesario articular, coordinar e fomentar nas súas diferentes vertientes.

O municipio posúe competencia en materia de deportes, conforme ao disposto no artigo 25.2 m, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 13.1 e concordantes da Lei 11/1997, de 22 de agosto Xeral do Deporte de Galicia.

Sin perxuízo de que o conxunto de actividades municipais teñan en conta os intereses deportivos, o Concello de Ourense considerou convinte a creación dun Organismo Autónomo Local para descentralizar funcionalmente as actuacións nesta materia, utilizando a posibilidade que ofrece o artigo 85.3-b, hoxe 85.2.A).b) da Lei 7/1985 citada, e, por acordo de 13 de outubro de 1995, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Consello Municipal de Deportes, co que instrumentou a estrutura orgánica e a dotación de medios destinados ao desenvolvemento do deporte local. O mentado organismo autónomo dende a súa fundación, demostrou a súa eficacia no cumprimento dos seus fins.

A Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificou a Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, introducindo nos seus artigos 85 e 85 bis un novo réxime xurídico para os organismos autónomos locais, constituído polas especialidades previstas en tales preceptos e pola regulación establecida para os organismos autónomos estatais nos artigos 45 a 52 da Lei 6/1997, de 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado.

Aparte de vir disposto legalmente, resulta precisa a revisión dos Estatutos do Consello, para introducir neles as modificacións necesarias para adecualos á nova regulamentación e para mellorar a súa estrutura segundo a experiencia acumulada durante os últimos trece anos de funcionamento.

Con estas finalidades, revísanse os Estatutos concretando as potestades administrativas que pode exercer; adscribindo o organismo autónomo á Concellaría de Deportes; establecendo un novo marco legal para as seccións deportivas tradicionalmente denominadas Clubes Pavillón; adaptando o nome do máximo órgano de goberno o disposto na lei; mellorando a definición dos componentes do Consello Rector e as atribucións deste órgano; alixerando as atribucións da súa Presidencia; determinando os requisitos que cumprirá o/a titular da Xerencia e ampliando as súas atribucións; definindo os principios que rexerán as súas actuacións; matizando o

régime xurídico do Consello e os controis a exercer polos órganos municipais e recollendo o Rexistro Municipal de Entidades e Asociacións Deportivas creado no ano 2003.

Ao introducir estas e outras modificacións de detalle nos Estatutos aprobados no ano 1995, prodúcese un novo texto dos Estatutos do Consello Municipal de Deportes de Ourense.

E, en consecuencia, o Concello aproba os seguintes Estatutos:

## **TÍTULO PRIMEIRO: NATUREZA E FINS** [□](#)

### Artigo 1.Creación e adscrición. [□](#)

1O Concello de Ourense, ao amparo do artigo 85.2.b) e 85. bis da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Régime Local, e os artigos 85 a 88 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais constitúe, como Organismo Autónomo, o Consello Municipal de Deportes, dotado de personalidade xurídica propia, plena capacidade xurídica e de obrar dentro dos seus fins e patrimonio especial.

2O Consello Municipal de Deportes queda adscrito á Concellaría de Deportes do Concello de Ourense

### Artigo 2.Regulamentación [□](#)

O Consello Municipal de Deportes rexerese polo disposto nos presentes estatutos e, no non previsto, pola Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Régime Local e disposicións complementarias, e actuará baixo a tutela do Concello de Ourense, ao que lle corresponde velar polos fins propostos.

### Artigo 3.Obxecto [□](#)

1O Consello Municipal de Deportes terá por obxecto.

- a)A promoción e o fomento da Educación Física e o Deporte, especialmente o deportes base no Concello de Ourense
- b)A planificación e creación de novas instalacións deportivas
- c)A conservación, reparación, mellora e xestión das instalacións deportivo-recreativas de propiedade municipal
- d)A xestión do posible uso doutras instalacións públicas ou privadas para o cumprimento dos fins do Consello Municipal de Deportes.
- e)Organizar e, no seu caso, autorizar manifestacións deportivas no municipio, especialmente as de carácter popular.

f) Calquera outra que lle sexa atribuída ou delegada de conformidade co ordenamento xurídico

2O Consello Municipal de Deportes respetará a idiosincrasia das seccións deportivas ata agora denominadas Clubes Pavillón, así como a súa liberdade de acción sin interferir nin entrar en competencia coas súas actividades, senón, polo contrario, apoiará os seus programas de promoción, desenvolvemento e progresión deportiva, facilitándolles de modo preferente as instalacións deportivas municipais.

#### Artigo 4. Ámbito territorial e duración [□](#)

1O ámbito territorial para o desenvolvemento das actividades e servizos do Consello Municipal de Deportes é o término municipal de Ourense.

2A duración do Consello Municipal de Deportes será indefinida, ata que se produza a súa extinción por causas previstas na lei ou nos presentes estatutos.

#### Artigo 5. Domicilio social [□](#)

1O Consello Municipal de Deportes terá o seu domicilio social no coñecido como Pavillón Municipal de Deportes sito na Avda. Pardo de Cela núm. 2.

2Non obstante o anterior, o Consello Rector queda facultado para variar a sé do Organismo Autónomo dentro da capital, así como para establecer, modificar ou suprimir dependencias e oficinas en calquera lugar, cos cometidos, facultades e modalidades de funcionamento que o propio Consello determine.

## TÍTULO SEGUNDO: ORGANIZACIÓN [□](#)

### Capítulo I. Órganos de goberno e dirección [□](#)

#### Artigo 6. Órganos de goberno e dirección [□](#)

1Os órganos de goberno e dirección do Consello Municipal de Deportes son os seguintes:

- a) O Consello Rector
- b) O/a presidente/a
- c) O/a xerente

2O Consello Rector poderá crear unha Comisión Consultiva, na que terán representación os particulares e institucións de dereito público ou privado ligados á actividade do Consello Municipal de Deportes, en virtude dos seus fins. Así mesmo determinara a súa composición, funcións e réxime organizativo.

## **Captítulo II. Do Consello Rector**

### **Artigo 7. Órgano de goberno**

O Consello Rector é o órgano supremo do Consello Municipal de Deportes e asume o seu goberno e a súa xestión .

### **Artigo 8. Membros**

1O Consello Rector estará integrado por un número impar de membros con voz e voto, entre os cales figurarán:

- a)O/a presidente/a
- b)Un número de vogais a determinar polo Pleno do Concello de Ourense en función da proporcionalidade de representación dos grupos políticos que o formen, debendo recaer o seu nomeamento en concelleiros.

2Así mesmo formarán parte do Consello Rector con voz pero sin voto:

- a)O/a xerente
- b)O/a administrador/a
- c)O/a titular do Órgano de Apoio da Xunta de Goberno Local do Concello de Ourense ou funcionario/a en quen delegue
- d)O/a interventor/a xeral municipal ou funcionario/a en quen delegue

3As sesións do Consello Rector poderán asistir os técnicos municipais ou do CMD cando sexan convocados expresamente polo Presidente.

4Os vogais cesarán automaticamente de perder a condición de concelleiro e, en todo caso, ao finalizar o mandato da Corporación

## **Sección 1ª.- Atribucións**

### **Artigo 9. Atribucións**

Correspóndolle o Consello Rector as seguintes atribucións:

- a)Determinar a política de actuación e xestión do Consello Municipal de Deportes
- b)Organizar, dirixir, inspeccionar e adoptar as medidas axeitadas para o mellor funcionamento do Consello Municipal de Deportes, así como das súas instalacións e servizos.
- c)Propór ao Pleno a aprobación dos regulamentos, ordenanzas e normas de funcionamento dos servizos que o Consello Municipal de Deportes preste, a súa modificación, ampliación e posta en vigor, así como as normas de funcionamento do propio Consello, no seu caso.

- d) Aprobación dos convenios, concertos e demais instrumentos de colaboración e cooperación con outras Administracións, organismos, entidades ou calquera outra persoa física ou xurídica.
- e) Elaborar e aprobar a nivel de organismo autónomo a proposta de orzamento, co plan de investimentos e o programa financeiro que o complementa, remitindo ao Concello para a súa aprobación definitiva, e desenvolver a xestión económica conforme ao mesmo.
- f) Someter a aprobación da Corporación as contas do Consello Municipal de Deportes, así como a súa memoria, inventario e balance anual.
- g) Autorizar e dispór gastos dentro dos límites das súas competencias, fixados nas Bases de Execución do Orzamento.
- h) Configurar os instrumentos de ordenación de postos, cadro, réxime e retribucións do persoal ao servizo do Consello Municipal de Deportes para a súa posterior aprobación polo Concello de Ourense.
- i) A contratación que se efectúe ao amparo do previsto na lexislación de contratos do sector público. A tal efecto, o Consello Rector será o órgano de contratación respecto daqueles contratos que, pola súa contía ou duración, excedan do ámbito competencial asignado ao presidente nesta materia.
- j) Outorgar subvencións e axudas de acordo coa lexislación aplicable.
- k) Interpór toda clase de reclamacións e actuacións ante as autoridades administrativas, gubernativas e xudiciais, dentro do ámbito das súas competencias.
- l) Resolver as reclamacións previas en asuntos civís e laborais
- m) A interpretación dos presentes Estatutos así como a proposta ao Pleno da súa derogación, modificación ou ampliación.
- n) Calquera outra que expresamente lle confiran as leis, se lle encomende nos presentes estatutos ou sexa delegada pola Corporación Municipal.

## **Sección 2ª.- Funcionamento**

### **Artigo 10. Réxime de sesións do Consello Rector.**

1 O Consello Rector do Consello Municipal de Deportes reunirse con periodicidade semanal con carácter ordinario e, con carácter extraordinario, cando o convoque o seu presidente ou o solicite a cuarta parte, a lo menos, do número legal dos seus membros con voz e voto. Neste último caso, a celebración non podera demorarse por máis de quince días dende a data que fora solicitada.

2 Para poder celebrar validamente sesión, na primeira convocatoria, será precisa a asistencia da maioría absoluta do número legal de membros e, en segunda convocatoria, de calquera número sempre que, ademais do presidente e do secretario, asista, a lo menos, un terzo do número estatuario dos seus membros.

3 As sesións convocaranse, a lo menos, con dous días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que o foran con carácter urgente, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada polo Consello. A documentación íntegra dos asuntos

incluídos na orde do día, deberán figurar a disposición dos membros, dende o mesmo día da convocatoria.

Artigo 11. Adopción de acordos do Consello Rector. [□](#)

1 Agás para aquelas materias en que a lei ou estes Estatutos requiran maioría cualificada do número legal de membros, os acordos adoptaranse por maioría simple de votos dos membros asistentes.

2 A adopción de acordos producirase mediante votación ordinaria, agás que o propio Consello Rector acorde a votación nominal e sempre para casos concretos.

3 No caso de votacións con resultado de empate efectuarase nova votación e, de persistir, decidirá o voto de calidade do Presidente

### **Capítulo III. Do presidente do Consello Municipal de Deportes** [□](#)

Artigo 12. Nomeamento e mandato do presidente do Consello Municipal de Deportes. [□](#)

1 O alcalde do Concello de Ourense asume a presidencia nata do Consello Municipal de Deportes, e o nomeamento e funcións delegadas do titular da Presidencia do Consello Municipal de Deportes, entenderase sen perxuízo da facultade do alcalde de exercer efectivamente tódalas atribucións da Presidencia do Consello Municipal de Deportes.

2 O alcalde nomeará e cesará ao presidente do Consello Municipal de Deportes. O cargo recaerá no Concelleiro do Concello de Ourense que teña delegadas as competencias en materia deportiva.

3 O mandato do presidente do Consello Municipal de Deportes coincidirá co do Concello, sen perxuízo da posibilidade do seu cesamento por resolución da Alcaldía, que será conxunto coa revogación da súa delegación en materia deportiva.

4 Unha vez finalice o seu mandato, o presidente continuará exercendo as súas funcións, para a administración ordinaria do Consello Municipal de Deportes, ata que se renove este cargo.

Artigo 13. Atribucións do presidente. [□](#)

Corresponde ao presidente/a:

a) A representación legal do Consello Municipal de Deportes ante toda clase de autoridades e organismos e a presidencia dos actos deportivos que se



celebren nas dependencias municipais agás que a representación a ostente directamente a Alcaldía.

b)Convocar, presidir, suspender e levantar as reunións do Consello Rector, dirixir as deliberacións e decidir os empates con voto de calidade

c)Dirixir o goberno e administración do Consello Municipal de Deportes e esixir o exacto e dilixente cumprimento dos servizos

d)Autorizar e dispór gastos dentro dos límites das súas competencias, fixados nas Bases de Execución do orzamento.

e)Desempeñar a xefatura do persoal do Consello Municipal de Deportes e exercer tódalas atribucións nesta materia, sempre que non estén atribuídas por lei a outro órgano

f)En casos de urxencia e emerxencia, adoptará as medidas que estime convintes, dando conta inmediata ao Consello Rector na primeira reunión ordinaria que se celebre ou na extraordinaria que ao efecto convoque

g)Cantas facultades non estén asignadas a outro órgano do Consello Municipal de Deportes.

#### Artigo 14.Delegación de funcións. [□](#)

O presidente poderá delegar as súas funcións nos vogais que pertencen ao seu mesmo grupo político pola orde en que fora designada a representación.

### **Capítulo IV. Da Xerencia [□](#)**

#### Artigo 15.Órgano de Xerencia. [□](#)

O/a xerente do Consello Municipal de Deportes é o máximo órgano de dirección.

#### Artigo 16.O/a Xerente [□](#)

1O/a xerente será nomeado e cesado polo presidente do Consello Municipal de Deportes a proposta do Consello Rector, dando conta a Corporación Municipal

2O/a xerente deberá ser un funcionario de carreira ou laboral das Administracións Públicas ou un profesional do sector privado, titulado superior en ámbolos dous casos, e con máis de cinco anos de exercicio profesional no segundo. Ningún membro da Corporación Municipal poderá desempeñar o cargo de xerente do Consello Municipal de Deportes.

3O/a xerente terá a consideración de órgano directivo.

#### Artigo 17.Funcións [□](#)

Son funcións da Xerencia do Consello Municipal de Deportes, que realizará a través do seu titular:

- a) Executar e facer cumprir os acordos do Consello Rector e as Resolucións do Presidente.
- b) Asistir a tódalas sesións do Consello Rector con voz, pero sin voto.
- c) Dirixir e inspeccionar os servizos do Consello Municipal de Deportes, de conformidade coas directrices do Consello Rector.
- d) Elaborar anualmente e propór ao Consello Rector a aprobación da memoria das actividades desenvolvidas.
- e) Elaborar a proposta do cadro de persoal, tanto fixo como de tempada, e a súas modificacións.
- f) Propór ao presidente, para a súa elevación ao Consello Rector, a contratación de persoal laboral, de conformidade cos cadros de persoal aprobados.
- g) Propór ao presidente, para a súa elevación ao Consello Rector, a adopción dos acordos que considere convintes para a eficaz prestación do servizo.
- h) Formar parte de tódolas mesas de contratación que se celebren no Consello Municipal de Deportes, con voz e voto.
- i) Levar a sinatura do Consello Municipal de Deportes na correspondencia de orde interno.
- j) Aquelas outras que o Consello Rector ou o presidente do Consello Municipal de Deportes consideren oportuno conferirlle.

#### Artigo 18. Suplencia. [□](#)

Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a xerente será substituído, temporalmente, por quen designe o Consello Rector e no caso de que non se designe suplente, as súas funcións exerceranse polo Administrador.

### **Capítulo V. Da Xefatura de Administración [□](#)**

#### Artigo 19. Do administrador [□](#)

1º O desempeño das funcións de administrador será desempeñado por funcionario público sen perxuízo do disposto na Disposición Transitoria Segunda da Lei 7/2007, de 12 de abril ou norma que a substitúa.

2º O administrador será nomeado polo presidente dando conta ao Consello Rector na primeira reunión que se celebre

#### Artigo 20. Funcións [□](#)

Son funcións do administrador do Consello Municipal de Deportes, que realizará a través do seu titular:

- a) Asistir a tódalas sesións do Consello Rector con voz, pero sin voto
- b) Formar a proposta de orzamentos do Consello Municipal de Deportes, asistido polo xerente, interventor e persoal designado ao efecto.

- c) Informar, asistido do persoal que se designe, ao Consello Rector nas correspondentes sesións ordinarias, do estado de Caixa e movemento de Fondos.
- d) Executar as órdes de pagamento acordadas polo presidente
- e) A xestión económico-financieira en canto a manexo e custodia de fondos, valores e efectos
- f) Dirección contable e financeira, e a formación da Conta xeral do Consello Municipal de Deportes .
- g) Dirección da xestión tributaria e recadatoria do Consello Municipal de Deportes.
- h) A formación do Inventario de Bens do Consello Municipal de Deportes.
- i) Aquelas outras que o Consello Rector ou o Presidente do Consello Municipal de Deportes consideren oportuno conferirle.

## **Capítulo VI. Da Secretaría e Intervención** [□](#)

### **Sección 1ª: Do/a secretario/a** [□](#)

#### Artigo 21. Funcións do/ secretario/a [□](#)

1 Exercer as funcións propias da Secretaría Xeral do Consello Municipal de Deportes.

2 Asesorará xurídica e administrativamente ao Consello Municipal de Deportes, sen perxuízo dos informes que se emitan por outros órganos xurídicos do Consello Municipal de Deportes ou do Concello de Ourense.

### **Sección 2ª: Do/a interventor/a.** [□](#)

#### Artigo 22. Funcións do/a Interventor/a [□](#)

1 Fiscalizará tódolos actos que den lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigas ou gastos de contido económico, os ingresos e os pagamentos que daqueles se deriven e a recadación, investimento e aplicación, en xeral, dos caudais públicos administrados.

2 Asesorar económica e financeiramente ao Consello Municipal de Deportes.

3 Cantas lles sexan atribuídas pola lexislación aplicable na materia, nos termos que se establezan nas bases de execución do orzamento.

## **Capítulo VII. Do persoal** [□](#)

## Artigo 23. Persoal. [□](#)

1O Consello Municipal de Deportes dotarase do persoal necesario para a súa función, e o seu número categoría e funcións determinarase anualmente nas cadros de persoal e demais instrumentos de ordenación configurados polo Consello Rector e aprobados polo Concello de Ourense.

2As cadros do Servizo estarán integrados polos funcionarios e persoal laboral do CMD, funcionarios e persoal laboral do Concello destinados no Consello Municipal de Deportes e polo persoal laboral contratado polo propio Consello Municipal de Deportes.

3O Concello poderá adscribir a persoal de seu, funcionario ou laboral fixo, ao Consello Municipal de Deportes polos procedementos legais, que, a todos os efectos, integraranse no cadro de persoal do organismo autónomo. O personal funcionario terá a consideración de estar en servizo activo respecto do Concello.

4O persoal funcionario e laboral fixo, que pertenza ao cadro de persoal do Concello ou do Consello Municipal de Deportes, terá dereito a participar en igualdade de condicións nos procedementos de promoción interna e para a provisión de postos de traballo en ámbalas dúas entidades, de forma que o persoal do cadro municipal poderá participar nos procedementos que convoque o Consello Municipal de Deportes e o do Consello Municipal de Deportes nos que convoque o Concello.

5As sancións disciplinarias que impoña o Consello Municipal de Deportes ao seu persoal funcionario ou laboral, que consistan en separación do servizo, revogación do nomeamento ou despido, deberán ser aprobados polo órgano competente do Concello.

## **TÍTULO TERCEIRO. DO RÉXIME ECONÓMICO E PATRIMONIAL [□](#)**

### **Capítulo I. Do Réxime económico [□](#)**

## Artigo 24. Recursos económicos. [□](#)

1Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Municipal de Deportes contará cos seguintes recursos económicos:

- a)As aportacións que se confien ao Consello Municipal de Deportes polo Concello.
- b)As dotacións que o Concello lle destine anualmente no seu orzamento ordinario.

- c)As subvencións ou axudas de cantas entidades e organismos de carácter oficial ou particular aporten aos fins do Consello Municipal de Deportes.
- d)As doazóns e legados que se outorguen o seu favor
- e)As taxas ou prezos públicos por prestación de servizos.
- f)Os froitos, rendas e intereses dos seus bens patrimoniaís ou en uso.
- g)Os préstamos ou créditos que se lle concedan, sempre que consten nos orzamentos aprobados polo Concello ou sexan autorizados por éste.
- h)Calquera outro que poida serlle atribuído de acordo a dereito.

2Para a exacción dos ingresos de dereito público a Facenda do Consello Municipal de Deportes gozará das prerrogativas da Facenda do Concello de Ourense, con suxección aos procedementos administrativos correspondentes.

3As subvencións rexeranse polo seu réxime específico.

## **Capítulo II. Do patrimonio** [□](#)

### **Artigo 25.Patrimonio e inventario.** [□](#)

1O Patrimonio do Consello Municipal de Deportes estará constituído:

- a)Polos terreos e instalacións propios do Concello, que queden afectos a este servizo público.
- b)Os bens e dereitos que o Consello Municipal de Deportes adquira por calquera título lexítimo.

2O Inventario de bens e dereitos do Consello Municipal de Deportes remitirase anualmente ao Servizo de Patrimonio e Contratación para a súa constancia no Inventario de bens e dereitos do Concello de Ourense.

### **Artigo 26.Afección do patrimonio.** [□](#)

O Patrimonio quedará afectado aos fins do Consello Municipal de Deportes e pertencerá en pleno dominio ao Concello, coa calificación xurídica orixinaria de bens de servizo público ou patrimonial que conste no Inventario de bens do patrimonio municipal.

## **TÍTULO CUARTO. RÉXIME XURÍDICO** [□](#)

### **Artigo 27.Relacións co Concello.** [□](#)

As relacións entre o Consello Municipal de Deportes e o Concello efectuaranse a través do Consello Rector.

#### Artigo 28.Potestades. [□](#)

Ao Consello Municipal de Deportes, dentro do seu ámbito de competencias, correspóndenlle as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins, agás a potestade expropiatoria.

#### Artigo 29.Impugnacións e recursos. [□](#)

1Os acordos do Consello Rector e as Resolucións do seu Presidente, esgotarán a vía administrativa, e serán executivos e impugnables ante os Tribunais competentes, previo o recurso de reposición ou a reclamación previa, no seu caso, que se axustarán á normativa xeral administrativa.

#### Artigo 30.Responsabilidade. [□](#)

1O Consello Municipal de Deportes non se fai responsable das lesións que poidan derivarse do uso e goce das instalacións, non existindo relación algunha de dependencia cos usuarios, aos efectos previstos nos artigos 120 e 121 do Código Penal.

2O Consello Municipal de Deportes poderá esixir as entidades usuarias das instalacións un seguro de Responsabilidade Civil.

3As entidades organizadoras de actividades nas instalacións do Consello Municipal de Deportes virán obrigadas ao cumprimento das normas de seguridade e aseguramento impostas pola normativa aplicable.

### **TÍTULO QUINTO. FACULTADES DE TUTELA DO CONCELLO [□](#)**

#### Artigo 31.Tutela do Concello de Ourense. [□](#)

1A facultade de tutela sobre o Consello Municipal de Deportes corresponderá ao Concello de Ourense.

2As facultades tutelares que corresponden ao Concello de Ourense comprenderán a aprobación de:

- a)O orzamento do Consello Municipal de Deportes, co Plan de Inversións e Programa financeiro, así como as modificacións non atribuídas ao Consello Municipal de Deportes nas Bases de Execución anuais.
- b)As contas, memoria, balance e inventario anuais.
- c)A solicitude de crédito público.
- d)As ordenanzas de taxas, e a fixación de prezos públicos por prestación de servizos que non houberan sido obxecto de delegación no propio Consello Municipal de Deportes.

- e)A enaxenación, cesión ou gravame de bens inmobles, sempre que non constitúan a simple realización da finalidade específica sinalada ao Consello Municipal de Deportes.
- f)Os cadros de persoal, tanto fixo como de tempada, e as súas modificacións.
- g)Os sistemas de ordenación de postos de traballo.
- h)A modificación dos seus estatutos.
- i)A facultade de requirir dos seus órganos de goberno, en calquer momento e circunstancia, cantos datos estime convintes sobre a actividade económica ou administrativa do Consello Municipal de Deportes.

## **TÍTULO SEXTO: MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES** [□](#)

### Artigo 32.Modificación dos Estatutos [□](#)

A modificación dos Estatutos do Consello Municipal de Deportes haberá de se axustar aos mesmos trámites seguidos para a súa aprobación.

### Artigo 33.Disolución do Consello Municipal de Deportes. [□](#)

O Consello Municipal de Deportes poderá extinguirse en calquera momento por algunha das seguintes causas:

- a)Por acordo plenario do Concello de Ourense.
- b)A proposta do Consello Rector, mediante acordo por unanimidade e posterior acordo do Concello coa maioría absoluta dos seus membros.

### Artigo 34.Efectos da extinción. [□](#)

En caso de extinción todo o persoal que preste os seus servizos no Consello Municipal de Deportes pasará a depender do Concello conservando o réxime xurídico e revertindo o seu patrimonio especial ao Municipio.

## **TÍTULO SÉTIMO: DA SECCIÓN DO REXISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS** [□](#)

### Artigo 35.Do Rexistro de Entidade e Asociacións Deportivas do Concello de Ourense [□](#)

1Como sección do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais e, aos efectos do previsto no artigo 236 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, existe o Rexistro de Entidades e Asociacións Deportivas do Concello de Ourense.

2A anterior sección do Rexistro levarase na Secretaría do Consello Municipal de Deportes e os seus datos serán públicos.

3Poderán inscribirse as entidades que desenvolven uns fins comúns encamiñados á promoción, información, formación e integración deportiva da sociedade ourensana, de acordo co Regulamento para a Inscripción de Entidades e Asociacións Deportivas de Ourense.

#### **DISPOSICION DERROGATORIA** [□](#)

Quedan derogados os Estatutos do Organismo Autónomo Consello Municipal de Deportes aprobado polo Excmo. Concello Pleno en sesión do día 13 de outubro de 1995.

#### **DISPOSICION FINAL** [□](#)

Una vez aprobado definitivamente polo Excmo. Concello Pleno, os presentes Estatutos do Consello Municipal de Deportes, entrarán en vigor o día seguinte da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.